



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E ACCESO AO FONDO PÚBLICO DE LIBROS NO CURSO 2016/17

A Consellería de Educación convocou estas axudas de xeito unificado e nunha mesma e única solicitude. Os **requisitos** son:

- Ser pai, nai, titor-a, legal do alumnado matriculado en **educación primaria** para o vindeiro curso.
- Non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- Ter unha renda per capita familiar igual ou inferior a 9000 euros anuais no 2014.
- Ter devoltos os libros adquiridos coas axudas do curso 15/16. (alumnado de 4ºEP)

A **solicitude, (dispoñible en Conserxería), debidamente cuberta, acompañada da fotocopia do libro de familia e doutra documentación que fose necesaria, entregárase na Secretaría do Colexio ata o 23 de xuño no horario correspondente. Na mesma solicitude incorporáranse todos os irmáns matriculados no centro.**

As contías das bolsas para adquisición de libros, compra de material escolar ou libros aos que se teñen dereito varían segundo os ingresos da unidade familiar no ano 2014 dividido polo número de membros computables (renda per cápita familiar).

¿A QUE AXUDAS SE PODE OPTAR PRESENTANDO ESTA SOLICITUDE?

- Alumnado de 1º e 2ºEP no curso 2016/17:** Vale para adquisición de libros de texto e vale para material escolar.
- Alumnado de 3º e 4ºEP no curso 2016/17:** Acceso ao préstamo de libros de texto do Fondo Público da Xunta, e vale para material escolar
- Alumnado de 5º e 6ºEP no curso 2016/17:** Únicamente para vale de material escolar. (Utilizarán libros dixitais dentro do Proxecto Edixgal)

Unha vez que a solicitude estea debidamente tramitada e validada pola administración, **o Centro xerará un ou máis vales, nos casos que corresponda, e que será entregado ao solicitante** co que poderá adquirir os libros de texto no establecemento que decida, e polo importe máximo que figura nese vale, e/ou tamén material escolar polo importe de 50€, se fora o caso.

Os beneficiarios do Fondo Público de Libros de Texto terán dereito a recibir en préstamo, un número determinado de libros, que dependerá dos ingresos acreditados, e ademais **comprométense a conservar en bo estado os libros** de texto recibidos, **e deberán entregalos no Colexio ao remate do curso 2016-17**, mantendo así, o fondo público de libros de texto do Colexio

ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

- Respecto do solicitante

A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin o citado anexo I e indicar o seu NIF/NIE.

A discapacidade do 33% ou máis, de calquera membro da unidade familiar computará por dous.

- Nas familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor co alumno/a, deberá acreditarse documentalmentemente esta circunstancia
- No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva e non teña a custodia do alumno/a.
- Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas inclúiranse dentro do cómputo da renda familiar.

Para unha información máis detallada da convocatoria visitar os seguintes sitios web:
<http://centros.edu.xunta.es/ceipjuanfernandezlatorre/> ou <http://www.edu.xunta.es/web/>